

SALON DO
COMIC



CANGAS

Horario do Salón

Luns: 19:30 h. (Inauguración)

Martes a Sábado: 12:00-14:00 h.

18:30-21:30 h.

Domingo: 18:30-21:30 h.

LUNS 20 DE XULLO

19:30 Inauguración

MARTES 21 DE XULLO

12:00 Obradoiro de comic e caricaturas:

Jvlivs e Luis Davila

18:30 Proxección película no Auditorio:

Iron Man (Jon Favreau, 2008)

MÉRCORES 22 XULLO

12:00 Obradoiro de Comic e Caricaturas

18:30 Proxección Película no Auditorio:

Los 4 Fantásticos 2 (Tim Story, 2007)

20:30 Presentación revista **O TEBEO N°7**

Entrega de premios do **11º CERTAME DE COMIC**

XOVES 23 XULLO

12:00 Obradoiro de Comic e caricaturas

18:30 Proxección de película no Auditorio:

Super Hero Movie (Craig Mazin, 2008)

VENRES 24 XULLO

12:00 Proxección da película:

Hellboy II: El Ejército Dorado

(Guillermo del Toro, 2008)

18:30 Sinaturas do debuxante **Alberto Guitián**

20:00 Charla coloquio a cargo de **Alberto Guitián**

21:00 Sinatura de debuxos adicados o **Salón do Comic de Cangas**

SÁBADO 25 XULLO

12:00 Proxección de película no Auditorio:

Wall.e (Andrew Stanton, 2008)

18:30 Sinaturas dos debuxantes **Gabor, Montse Martín e Diego Olmos**

20:00 Charla a cargo de **Gabor, Montse Martín e Diego Olmos**

21:30 Clausura do Salón

DOMINGO 26 XULLO

18.30 Exposición

EXPOSICIÓN E SINATURAS:

-ORIXINAIS E SINATURAS DOS AUTORES INVITADOS (Auditorio Municipal, 3º andar)

Durante toda a semana exhibiranse nos monitores do salón de exposicións as mellores series de animación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENEFICIARI


Cancello de Cangas
Concellería de Turismo e Patrimonio

CX
CASA DA XUVENTUDE

Auditorio Municipal
de Cangas

SALON DO
COMIC
CANGAS

Do 20 ao 26 de Xullo no Auditorio Municipal 13. SALON do COMIC de CANGAS



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENEFICIARI

Cancello de Cangas
Concellería de Turismo e Patrimonio

CX
CASA DA XUVENTUDE

Auditorio Municipal
de Cangas

www.salondocomicdecangas.com

www.salondocomicdecangas.com



Nació en **Madrid** en 1975, e debuxo dende que poden soste un lápis na man.

Despois da miña nenez e mocidade debuxando de xeito autodidacta e lendo canto tebeo tiven na miña man, en 1995 comencei a traballar no mundo da animación, formando parte de Grupo 7, que despois pasou a ser Tridente animación, baixo as ordes de Juan Díaz Canales e Teresa Valero. Alí, durante case que doce anos, traballei en moitas series de tv (Papyrus, Cédric, Redwall...) e en longametraxes (Astérix e os vikingos, Becassine, O Cid, Nocturna...), elaborando lay-outs, storyboards e creación de personaxes. Tamén fixen colaboracións esporádicas no mundo da publicidade.

Dende 2006, traballo tanto os story-boards coa bd, que sempre foi a miña verdadeira pasión.

"Talismán", editado por Glénat -con François Debots como guionista- é o meu primeiro traballo profesional no cómic.

(Barcelona, 1970)
 Cursou estudos en Barcelona, tres anos na Escuela de Cómic Joso e catro anos na Escuela de Artes y Oficios La Llotja na especialidade de ilustración. Comezou a súa carreira no ano 1999 compaginando traballos de ilustración con proxectos de cómic. Anos despois deu o salto ao mercado americano para o que traballou dende aquela debuxando personaxes tan populares coma Batman, Catwoman ou Supernatural. En España coñeceselle principalmente por ser o creador de a serie de aventuras H2Ooctopus,

- OBRA:
- "EL GABINETE DEL DOCTOR CALIGARI" (Kaleidoscope).
 - "RAREZAS". Xunto a Santi Arcas (Kaleidoscope).
 - "¿QUIÉN PUEDE VENCER A BUDA?" (La Cúpula).
 - "SHIROGORO Y EL POZO SIN FONDO" (Dobledost).
 - Exposición "RESTOS Y RASTROS" do Museo da Ciencia de Barcelona.
 - "BREAKFAST" con guión de Santi Navarro para o especial LOVEXPRESS.
 - "H2OCTOPUS. EL EXTRAÑO CASO DEL RELOJ DE LOS DIAS". Xunto a Santi Arcas (Norma editorial).
 - "H2OCTOPUS. LA CABEZA DEL GATO" (Planeta deAgostini).
 - "H2OCTOPUS II. LA VOZ DEL OCEANO" (Planeta deAgostini).
 - "BLACKSHIRT". Guión de Adi Tadmeth, (Moonstone).
 - "28 WEEKS AFTER". Guión de Steve Niles (Foxatomic).
 - "CATWOMAN". Guións de Ed Brubaker e Scott Morse, tinta de Jimmy Palmiotti (DC COMICS).
 - "BATMAN GOTHAM KNIGHTS". Guión de A. J. Lieberman e tinta de BIT (DC COMICS).
 - "MAJESTIC". Guión de Dan Abnett e Andy Lanning e tinta de BIT (Wildstorm).
 - "MANHUNTER". Guión de Marc Andreyco e tinta de Fernando Blanco (DC COMICS).
 - "BIBLE CRIME". Guión de Greg Rucka (DC COMICS)
 - "SUPERNATURAL. RISING SON" (Wildstorm) Guión de Peter Johnston.
 - "BATMAN BARCELONA. EL CABALLERO DEL DRAGON" Guión de Mark Waid (DC COMICS).



Diego Olmos



Montse M.



Gabor

(Madrid, 1977)

A miña primeira lembranza é debuxar e ler comics, pasión que xamais abandonei.

Comenzo a traballar profesionalmente en 1996 no mundo da animación, despois duns anos comenzo a traballar en Tridente animación a carón de Juan Díaz Canales e Teresa Valero. Entre outros moitos proxectos traballei para as producións de "Astérix e os vikingos", "Becassine", "Cédric", "Papyrus", "Nocturna", "O Cid", etc. Despois de doce anos, comenzo o meu camiño no mundo do comic publicando "GREENWORLD" con guión de François Debots para a editorial francesa Soleil.

O 22 de abril do presente ano, Glénat Francia comenzo a publicar a serie de humor "Los Patricios" con guión de Juan Díaz Canales. Actualmente estou desenvolvendo o Tomo 2 da mesma serie.



(Lugo, 1974)

Dende ben pequeno xa gustaba de debuxar. Descubriu o mundo do comic e o grafitismo da man do debuxante ribadense Suso Peña. Estudando Belas Artes en Pontevedra cofundou Kédedé, fanzine cheo do humor ácido e as referencias pop que caracterizan boa parte do seu traballo.

Ten publicado nun bo número de fanzines e revistas de todo o estado. Participou nos proxectos emerxentes da BD galega: Barsowia, BDBanda ou o álbum H2OIL (Colectivo Chapapote). Dentro deste colectivo tamén coordinou a web chapapote.org. Formou parte do proxecto Wootelo (Lugo) adicado a expoñer a obra de xoves artistas galegos e pasalo ben no intento.



A. Guitián

Tras varios empregos alimenticio-pintorescos decide vivir do debuxo e no 2003 marcha a Barcelona. En 2004 da o salto á BD profesional coa serie "Malas Pulgadas" para a revista de humor infantil e xuvenil Mister K (Ediciones El Jueves). Petaco, unha das personaxes da serie, foi acadando carisma e pasou no 2006 a ter a súa propia serie na mesma revista.

En 2007 comeza a publicar "Fito & Pita" na revista de humor galego Retranca. (A tira ven de ser compilada recentemente en álbum.) Tamén na Retranca realiza, xunto a Leandro Barea, "Temas De Howe", serie que delina como "Máxime cultural daquela maneira". Outras series que escribe e diseña na actualidade son "Ultratumbia" na revista BD Banda, "Spot & Punsek" en Amaníaco, e "A Espesura" no xornal galego Viralatás.

Alén da BD fai ilustración, grafitismo e máis recentemente, fondos para animación. Gústalle as películas de atraços e xogar ó fútbol. Fuma de máis.

